



INSTRUCCIÓN RELATIVAS AS TRAMITACIÓN DAS COMISSIONS DE SERVIZOS, ADSCRICIÓN TEMPORAIS E SUPERIORES CATEGORÍAS EN TANTO SE MANTEÑA O ESTADO DE ALARMA DECLARADO POLO REAL DECRETO 463/2020, DO 14 DE MARZO, PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19.

Co fin de conciliar a execución das medidas adoptadas na declaración do estado de alarma coa continuidade dos servizos públicos encomendados á Administración da Xunta de Galicia, efectúanse as seguintes aclaracións:

COMISIONS DE SERVIZO

1 As comisións de servizo que rematen os dous anos, e non estén afectadas polo concurso xeral, prorrogaríanse excepcionalmente 3 meses máis dende o seu remate, coa indicación de COVID-19

2 As comisións de servizo que rematen os dous anos, e estean afectadas polo concurso xeral, prorrogaríanse nos mesmos termos que ata agora.

3 Cando se trate de novas comisións de servizo, non se tramitarán mentres duren estas circunstancias, agás que situacións excepcionais impliquen algún tipo de cese ou cobertura de servizos esenciais e que teñan que ser tramitadas de xeito inmediato.

4 O resto das comisións de servizo seguirán realizándose polo seu cauce habitual.

IMPORTANTE: Todas as comisións de servizo sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser canalizadas a petición da unidade que teña a competencia en materia de persoal, e tramitadas a través do REXEL.

ADSCRICIÓN TEMPORAIS

1 As adscricións temporais que rematen os dous anos, non terán que ser publicadas de novo, prorrogaríanse excepcionalmente 3 meses máis dende o seu remate, coa indicación de COVID-19.

2 Cando se trate de novas adscricións temporais, non se farán, agás circunstancias excepcionais que impliquen algún tipo de cese ou cobertura de servizos esenciais e que teñan que ser tramitadas de xeito inmediato.

3 O resto das adscricións temporais seguirán realizándose polo seu cauce habitual.

IMPORTANTE: Todas as adscricións temporais sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser canalizadas a petición da unidade que teña a competencia en materia de persoal, e tramitadas a través do REXEL.





SUPERIORES CATEGORIAS

Autorízase aos órganos competentes de cada consellería para prorrogar as adscricións para realizar funcións de superior categoría que teñan encomendadas e que terminen dentro do período de vixencia do Real decreto 463/2020, sempre que afecten a funcións de carácter esencial que deban prestarse de forma presencial nos lugares de traballo.

Das ditas prórrogas darase conta a este centro directivo mediante a correspondente comunicación.

